

ADDENDA DE PRÓRROGA E MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS DE CONSERVACIÓN NA CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL, (A CORUÑA) E NA CATEDRAL DE MONDOÑEDO, (LUGO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol, o instrumento conxenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para realizar intervencións de restauración da torre sur da concatedral de san Xiao de Ferrol e da reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo que están na actualidade en execución

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Con data 23 de setembro de 2024, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante CCLX) e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol, asinaron un convenio cunha vixencia estipulada ata o 31/12/2025, para realizar intervencións de conservación nos seguintes bens desta Diocese: restauración da torre sur da concatedral de san Xiao de Ferrol e da reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo ao longo dos exercicios 2024 e 2025, coa seguinte desagregación por anualidades:

2024:	159.412,05 €
2025:	406.779,93 €
TOTAL	566.191,98 €

A necesidade desta addenda é consecuencia dunha causa xustificada, non imputable á Diocese de Mondoñedo-Ferrol e que esta solicitude está baseada no



ritmo de execución dos traballos, incidencias e previsión de certificación das obras de Restauración da torre sur da concatedral de san Xiao de Ferrol e da reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo que están na actualidade en execución. As xustificacións e previsións están recollidas nos informes técnicos redactados polas direccións facultativas.

A addenda que se propón ten como obxecto modificar as cláusulas segunda “Achega económica”, sétima “Período de vixencia” e novena “Outras obrigas do beneficiario” do convenio de colaboración asinado o 23.09.2024 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

2024:	141.872,79 €
2025:	346.750,44 €
2026:	346.750,44 €
TOTAL	818.188,35 €

a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, *co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura Da addenda ao convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

